

Galicia Encantada



ANIVERSARIO
2005 * 2025
Enciclopedia de Fantasia Popular de Galicia

Xeografía mítica

CATEGORÍAS RELACIONADAS

A cobra do Picadeiro de Morás

Cando Xoán aínda era un neno ía moitas veces alindar as ovellas ao Picadeiro de Morás, Xove (Lugo), e nunha delas atopou unha cobra posta nunha pedra. Co tempo Xoán e a cobras fixéronse amigos e ata lle puxo un nome: Ramonciña.

De alí en diante ía todos os días cabo da cobra, chamábaa polo seu nome e dáballe a beber leite que muxía das ovellas.

Pero Xoán fíxose home e tivo que ir ao servizo militar. Cando regresou do servizo foi ata o Picadeiro e chamou por Ramonciña. E Ramonciña saíu do seu escondedoiro pensando que o mozo traía o leite das ovellas. Pero Xoán xa non tiña ovellas e Ramonciña, enrabecheda, tirouse ao pescozo do mozo e matouno.

BIBLIOGRAFÍA

Colexio Público de Xove, A fonte da vida longa, Concello de Xove (Lugo), 1989.